



*Fundación Fernando
Blanco de Lema*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES Fernando Blanco

BECAS - PREMIO

FERNANDO BLANCO

CURSO 2011- 2012

Co gallo da celebración dos 125 anos da inauguración dun centro educativo de tal referencia na comarca como é o I.E.S. Fernando Blanco, e dentro das propostas de celebración do mesmo, a Fundación Fernando Blanco de Lema e o I.E.S. Fernando Blanco de Cee, veñen de constituír unhas becas - premio a algúns dos mellores expedientes académicos do devandito centro.

Con elas trátase de lembrar que o obxectivo do fundador do centro foi a construción, na súa vila natal, dun centro de primeira e segunda ensinanza, cúa finalidade era a correcta formación dos alumnos da comarca, buscando con elo que éstos non tivesen as carencias formativas que el, e outros tantos coma el, tiveron nas súas infancias. Que mellor maneira de recordar este feito que a través dunhas becas - premio que leven o seu nome, destinadas a recoñecer o esforzo do alumnado deste emblemático centro educativo.

Estas becas - premio son posibles grazas á colaboración desinteresada dos seguintes establecementos: **ESTACIÓN DE SERVIZO BAZARRA; CENTRO COMERCIAL FINISTERRAE; LER LIBRERÍAS; LIBRERÍA TRAZOS; FERSI PAPELERÍA; AURORA SPORT; CABO SPORT; GRUPO SANTITEL.**



*Fundación Fernando
Blanco de Lema*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES Fernando Blanco

BASES DAS BECAS - PREMIO

FERNANDO BLANCO

CURSO 2011 – 2012

1º) Entregaranse un total de 5 becas - premio destinadas aos mellores expedientes académicos dos seguintes cursos:

- 3º da E.S.O;
- 1º de Bacharelato;
- 1º de Ciclo Medio;
- 1º de Ciclo Superior;
- 1º de P.C.P.I.

2º) Os alumnos que opten a estas becas - premio deberán ter todas as asignaturas aprobadas en xuño, cunha nota media mínima de 8,5. Para elo expedirase un certificado da media aritmética na secretaría do centro, coa confirmación de ser a máis alta do curso correspondente.

3º) Será requisito imprescindible para acadar as becas - premio o matricularse no curso seguinte correspondente no I.E.S. Fernando Blanco de Cee.

4º) Os casos de empate entre os mellores expedientes dun mesmo curso resolveranse do seguinte xeito:

- En primeiro lugar, comparárase a nota media final ata o 4º decimal.
- No caso dos cursos de 3º da E.S.O. e 1º de Bacharelato, si persistise o empate, comprobarase a nota media final do curso inmediatamente anterior. É dicir, si houberse



Fundación *Fernando*
Blanco de Lema



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES Fernando Blanco

empate na nota media final dos alumnos de 3º da E.S.O, miraríase a nota media final dos mesmos alumnos en 2º da E.S.O. E, do mesmo xeito, no caso de empate na nota media final dos alumnos de 1º de Bacharelato, comprobaríase a nota media final dos mesmos alumnos en 4º da E.S.O.

- Por último, e no caso de seguir persistindo dito empate, recurriríase ao criterio de desempate na puntuación total atendendo ás letras do primeiro e segundo apelido, resultantes do sorteo que establece o artigo 34.3 da Orde de 17 de marzo de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 19 de marzo de 2007).

5º) No suposto caso de que nalgún curso a beca - premio quedase vacante por non acadarse a nota media final mínima esixida (8,5), resolverase da seguinte maneira:

- Se queda vacante a beca - premio de 3º da E.S.O., entregaríase a mesma ao mellor expediente do curso de 2º da E.S.O, sempre e cando se supere a nota media final mínima (8,5).
- Se queda vacante a beca - premio de 1º de Bacharelato, entregaríase a mesma ao mellor expediente do curso de 4º da E.S.O, sempre e cando se supere a nota media final mínima (8,5).
- Se queda vacante a beca - premio de P.C.P.I., entregaríase a mesma ao mellor expediente do Módulo II da E.P.A (coa condición de que o alumno estea



*Fundación Fernando
Blanco de Lema*



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES Fernando Blanco

matriculado nun mínimo de dous ámbitos, e se matricule no III módulo no seguinte curso), sempre e cando se supere a nota media final mínima (8,5).

6º) As becas - premio consistirán, cada unha delas, en vales de compra por un importe total de 500 € a gastar nos establecementos colaboradores e no comercio da bisbarra. Ditos vales de compra deberán de ser consumidos no período que vai dende o día 9 de setembro ao día 30 de setembro de 2012.

7º) A entrega das becas - premio celebrarase o día 8 de setembro de 2012 no salón de actos do I.E.S. Fernando Blanco de Cee.

Organiza

FUNDACIÓN FERNANDO BLANCO DE LEMA

I.E.S. FERNANDO BLANCO